



**SESION EXTRAORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACION
CORRESPONDENTE O DIA 9 DE MARZO DE 2.020**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do día nove de marzo de dous mil vinte, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Francisco Antonio García Fornos, D^a Tamara Ballesteros Vidueira, D. Francisco Fernandes Pires, D^a Cristina Clavería Alves e D^a Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG; D. José Rodríguez Gómez do PSdeG e D. Jesús Río Piornedo do PP, actuando como Secretario da Corporación D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ao obxecto de celebrar a Sesión de Pleno en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

1º.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 9/12/2019.

Cos votos a favor do grupo municipal do BNG e coa abstención dos concelleiros do PSdeG e do PP quedou aprobada a Acta da sesión anterior correspondente á celebrada o 9/12/2019

2º.-DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2019.

PRIMEIRO. De conformidade cos artigos 191 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 89 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o Orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pago de obrigacións o 31 de decembro do ano natural correspondente, quedando a cargo da Tesouraría Local os ingresos e pagos pendentes, segundo as súas respectivas contraccións.

As entidades locais deberán confeccionar a liquidación do seu orzamento antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

SEGUNDO. O procedemento a seguir será o seguinte:

A.No exercicio das funcións recollidas nos artigos 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o artigo 37 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril e o artigo 4.1.b).4º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emitírase o correspondente informe de Intervención.

B. Posteriormente, o órgano interventor deberá elaborar un informe de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e da Regra de Gasto, de conformidade co artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.

C. Vistos os informes, corresponde ao Presidente da Entidade Local a aprobación da liquidación do Orzamento da Entidade Local e das liquidacións dos Orzamentos dos Organismos Autónomos dela dependentes (artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril).

D. Da liquidación de cada un dos Orzamentos, una vez efectuada a aprobación, darase conta ao pleno na primeira sesión que celebre.

E. Aprobada a liquidación deberase remitir copia da mesma, antes de finalizar o mes de marzo do exercicio seguinte ao que corresponda, á Comunidade Autónoma e ao centro ou dependencia do Ministerio de Facenda que este determine (artigo 193.5 do TRLHL e 91 do RD 500/90).

Tramitado o correspondente expediente e aprobada a Liquidación do orzamento 2019 por Resolución da Alcaldía de data 7 de febreiro de 2020 procede dar conta ao Pleno da Corporación ó abeiro do disposto no artigo 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora





das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo e 90.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril.

O Pleno da Corporación toma razón da aprobación da Liquidación do Orzamento 2019.

3º.-INFORME AO PLENO DA CORPORACIÓN DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE AXUSTE E DE REDUCCIÓN DE DÉBEDA EXERCICIO 2019.

O Concello da Mezquita actualizou o Plan de Axuste orixinal de 2012 o 23 de outubro de 2019 con motivo da adhesión á medida 3 da CDGAE. Nesta actualización revisáronse as magnitudes financeiras e o endebedamento.

A día de hoxe neste informe damos resposta ao escrito remitido polo Secretario Xeral de financiamento autonómico e local o 17-12-2019 e rexistrado co numero 1182 o 23 -12-2019.

No mesmo requírese ao Concello da Mezquita para que adopte novas ou maiores medidas ao obxecto de dar cumprimento aos compromisos asumidos no Plan de Axuste en vigor especialmente en relación á morosidade e ao aforro neto.

SITUACIÓN A 31-DECEMBRO-2019

Realizado o peche do exercicio 2019 e a Liquidación do Orzamento 2019 presenta os seguintes resultados que xa foron envorcados na plataforma autoriza cuarto trimestre 2019 do MIHAP.

Fecha: 31/12/2019

Concello de A Mezquita

ESTADO DE LIQUIDACIÓN DEL PRESUPUESTO

Entidad: 50 CONCELLO A MEZQUITA-REAL

Pág. 1

III. RESULTADO PRESUPUESTARIO

CONCEPTOS	DERECHOS RECONOCIDOS NETOS	OBLIGACIONES RECONOCIDAS NETAS	AJUSTES	RESULTADO PRESUPUESTARIO
a. Operaciones corrientes.....	961.687,17	939.086,86		
b. Otras operaciones no financieras.....	194.002,21	184.335,69		
1.- Total operaciones no financieras (a+b)	1.155.689,38	1.123.422,55		
2.- Activos financieros.....	0,00	0,00		
3.- Pasivos financieros.....	2.100,00	18.517,84		
RESULTADO PRESUPUESTARIO DEL EJERCICIO.....	1.157.789,38	1.141.940,39		15.848,99
AJUSTES:				
4.- Créditos gastados financiados con remanente de tesorería para gastos generales.....			0,00	
5.- Desviaciones de financiación negativas del ejercicio.....			0,00	
6.- Desviaciones de financiación positivas del ejercicio.....			0,00	0,00
RESULTADO PRESUPUESTARIO AJUSTADO.....				15.848,99

Destes datos cabe destacar que o Concello da Mezquita asumiu neste exercicio a liquidación da débeda- Acordo Extraxudicial- con Naturgy por valor de 93.600€ e conseguiu pagar as facturas de exercicios pechados por completo con todos os provedores. Así mesmo, reduciu sensiblemente as obrigacións pendentes de pago. Reduciuse así mesmo o endebedamento con amortizacións anticipadas situándoo ao 31 de decembro en 499.993,87. Un 52% sobre os ingresos ordinarios.





Fecha: 31/12/2019

Concello de A Mezquita

Estado de Remanente de Tesorería

Ejercicio: 2019

Entidad: 50 CONCELLO A MEZQUITA-REAL

Pág. 1

COMPONENTES	IMPORTES AÑO		IMPORTES AÑO ANTERIOR	
1. (+) FONDOS LIQUIDOS		2.473,73		0,00
2. (+) DERECHOS PENDIENTES DE COBRO		363.373,76		0,00
- (+) del Presupuesto corriente	262.233,76		0,00	
- (+) de Presupuestos cerrados	94.854,16		0,00	
- (+) de operaciones no presupuestarias	6.285,84		0,00	
3. (-) OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO		79.724,14		0,00
- (+) del Presupuesto corriente	62.962,30		0,00	
- (+) de Presupuestos cerrados	0,00		0,00	
- (+) de operaciones no presupuestarias	16.771,84		0,00	
4. (+) PARTIDAS PENDIENTES DE APLICACIÓN		-38.000,00		0,00
- (-) cobros realizados pdtes. de aplic. definitiva	38.000,00		0,00	
- (+) Pagos realizados pdtes. de aplic. definitiva	0,00		0,00	
I. Remanente de tesorería total (1+2-3+4)		248.123,35		0,00
II. Saldos de dudoso cobro		74.196,60		0,00
III. Exceso de financiación afectada		0,00		0,00
IV. Reman. de tesorería para gastos generales (I-II-III)		173.926,75		0,00

A evolución do período medio de pago no exercicio segundo consta nos informes remitidos á plataforma autoriza é o seguinte:

1º trimestre 374,32 PMP

2º trimestre 287,72 PMP

4º trimestre 94,38 PMP

Como se indicou o pago das facturas de Naturgy de exercicios pechados e doutros provedores permitiu esta redución que no actual exercicio permitiranos situarnos dentro dos parámetros legais establecidos. Os datos da Liquidación 2019 permiten así mesmo corroborar o cumprimento da Regra de Gasto e do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

**F.3.3 Informe actualizado de cumplimiento de la Regla del Gasto
4º Trimestre Ejercicio 2019**

Gasto computable Liq.2018 sin IFS (GC2018) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2018) (11)	(2)= ((1)-[11])* (1+TRCPIB)	Aumentos/ disminuciones (art. 12.4) Pta. Act. 2019 (IncNorm2019) (3)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2019) (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2019 (GC2019) (6)
629.689,91	0,00	646.691,54	0,00	0,00	646.691,54	645.567,02
629.689,91	0,00	646.691,54	0,00	0,00	646.691,54	645.567,02

Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2019" (GC2019) (5)-(6) **1,124,52**
% incremento gasto computable 2019 s/ 2018 **2,52**

F.3.2 Informe actualizado Evaluación - Resultado Estabilidad Presupuestaria Grupo Administración Pública

(En el caso de que la Entidad este sometida a Contabilidad Empresarial el Ingreso y Gasto no Financiero ya es directamente el computable a efectos del Sistema Europeo de Cuentas) - no aplican ajustes

Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero	Ajustes propia entidad	Ajustes por operaciones internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-32-048-AA-010 Mezquita (A)	1.155.619,38	1.112.338,74	49.196,15	0,00	92.546,79
Capacidad/Necesidad Financiación de la Corporación Local					92.546,79
LA CORPORACION LOCAL CUMPLE CON EL OBJETIVO DE ESTABILIDAD PRESUPUESTARIA					





O orzamento do Concello da Mezquita para o exercicio 2020 aprobado pola Corporación Municipal establece novas medidas para mellorar os obxectivos de redución da morosidade e as cifras do aforro neto.

Por unha banda, modificouse a taxa por subministración de auga que permitirá un incremento de 20.000 € de recadación.

Así mesmo, incrementouse a taxa por recollida e tratamento de lixo pasando dunha previsión de 29.000 € a 45.000 €, un incremento de 16.000€.

En gastos mantéñense as limitacións establecidos nas diferentes medidas do Plan de Axuste. Así mesmo, consignáronse 50.000€ para cancelación anticipada de préstamos que sumados aos 11.647 de amortización prevista situará a débeda municipal ao 31 de decembro de 2020 en 438.000€ (45,5%).

Como conclusión ao requirimento recibido temos que indicar que na situación actual unha vez liquidada a débeda con provedores de exercicios pechados e cos aumentos previstos coa modificación de ordenanzas recollidos no Orzamento 2020 poderemos cumprir os obxectivos da morosidade e aforro neto.

O Pleno da Corporación toma razón do informe de seguemento do Plan de Axuste.

4º.- SOLICITUDE DE CESIÓN AO CONCELLO DE A MEZQUITA O SERVIZO ABASTECIMENTO DE AUGA DE CASTROMIL PARA A SÚA MUNICIPALIZACIÓN.

Expón o Sr. Alcalde que os veciños e veciñas de Castromil que contan cunha traída de augas de abastecemento de carácter vecinal solicitan que o Concello se faga cargo da xestión deste servizo de acordo coas ordenanzas municipais reguladoras do abastecemento de auga potable.

Indica que vistas as sinaturas que avalan a petición practicamente unánime propón ao Pleno da Corporación aceptar a cesión ao Concello de A Mezquita das instalacións para asumir a prestación do servizo con carácter municipal como se está a facer xa nos pobos de A Mezquita, Pereiro, Santigoso, Chaguazoso e Manzalvos.

A vista da proposta o Pleno da Corporación por unanimidade adopta o seguinte ACORDO: Proceder a realizar a tramitación necesaria para a municipalización do servizo de abastecemento de auga de Castromil asumindo o Concello a responsabilidade do seu mantemento e conservación.

5º.- SORTEO INTEGRANTES MESAS ELECTORAIS PROCESO ELECCIÓN PARLAMENTO GALEGO DO 5 DE ABRIL DE 2020.

Realizado o correspondente sorteo público para elixir os membros para a constitución das mesas electorais a formar con motivo da convocatoria das "ELECCIÓN Ó PARLAMENTO GALEGO", resultan elixidas as persoas que a continuación se relacionan para os cargos que se reseñan, de conformidade co previsto no artigo 26 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e os efectos do establecido nos artigos 27.5 e 101.2 de dita lei:

<u>SECCIÓN</u>	<u>001</u>	<u>MESA</u>	<u>A</u>			
<u>TITULARES</u>						
PRESIDENTE/A: Don/Dona. PRESIDENTE/A: D/Dª.	ANA BELEN ALONSO BRITO	D.N.I. D.N.I.	76725328L	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	6	
1er. VOGAL: Don/Dona. 1º VOCAL: D/Dª.	RAQUEL BARJA PALMA	D.N.I. D.N.I.	76732193F	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	73	
2º VOGAL: Don/Dona. 2º VOCAL: D/Dª.	MIGUEL ANGEL FERNANDEZ LOPEZ	D.N.I. D.N.I.	44472752K	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	248	

SUPLENTES





DE PRESIDENTE/A: Don/Dona. DE PRESIDENTE/A: D/Dª.	IRIA DOSANTOS CASARES	D.N.I. D.N.I.	34629509L	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	209
DE PRESIDENTE/A: Don/Dona. DE PRESIDENTE/A: D/Dª.	MARCOS ALONSO DIEGUEZ	D.N.I. D.N.I.	34631302H	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	8
DE 1er. VOGAL: Don/Dona. DE 1º VOCAL: D/Dª.	NOELIA BARJA COSTA	D.N.I. D.N.I.	34630422N	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	126
DE 1er. VOGAL: Don/Dona. DE 1º VOCAL: D/Dª.	JOSE ANTONIO CARRACEDO RAMIREZ	D.N.I. D.N.I.	34975509F	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	248
DE 2º VOGAL: Don/Dona. DE 2º VOCAL: D/Dª.	PABLO BALLESTEROS NIEVES	D.N.I. D.N.I.	34629383P	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	50
DE 2º VOGAL: Don/Dona. DE 2º VOCAL: D/Dª.	MARIA JESUS LUIS MARTINEZ	D.N.I. D.N.I.	76711309F	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	387

SECCIÓN 001 MESA B

TITULARES

PRESIDENTE/A: Don/Dona. PRESIDENTE/A: D/Dª.	RAFAEL GONZALEZ CARRACEDO	D.N.I. D.N.I.	52370378E	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	150
1er. VOGAL: Don/Dona. 1º VOCAL: D/Dª.	MARCOS BALDIN FERNANDEZ	D.N.I. D.N.I.	76722855F	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	14
2º VOGAL: Don/Dona. 2º VOCAL: D/Dª.	ANIBAL SIERRA RODRIGUEZ	D.N.I. D.N.I.	34976963N	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	238

SUPLENTES

DE PRESIDENTE/A: Don/Dona. DE PRESIDENTE/A: D/Dª.	ANA GOMEZ CEBALLOS	D.N.I. D.N.I.	34629761H	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	142
DE PRESIDENTE/A: Don/Dona. DE PRESIDENTE/A: D/Dª.	MARIA PILAR LABIAN MANZANARES	D.N.I. D.N.I.	18026853M	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	164
DE 1er. VOGAL: Don/Dona. DE 1º VOCAL: D/Dª.	ANA MARIA MAURI SANTIUSTE	D.N.I. D.N.I.	07860332J	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	21
DE 1er. VOGAL: Don/Dona. DE 1º VOCAL: D/Dª.	CONCEPCION BARRIO AUGUSTO	D.N.I. D.N.I.	34727329C	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	238
DE 2º VOGAL: Don/Dona. DE 2º VOCAL: D/Dª.	ANTONIO PEREZ RIO DEL	D.N.I. D.N.I.	34984075V	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	203
DE 2º VOGAL: Don/Dona. DE 2º VOCAL: D/Dª.	ANA MARIA GONZALEZ GONZALEZ	D.N.I. D.N.I.	76775043P	ELECTOR/A Nº ELECTOR/A Nº	155

6º.- MOCIÓN VÍA GALEGA SOBRE EMIGRACIÓN.

A plataforma social VIA GALEGA trasladou para o seu debate no Pleno a seguinte moción:

Este vaise i aquel vaise,
e todos, todos se van.
Galicia, sin homes quedas
que te poidan traballar.
Tés, en cambio, orfos e orfas
e campos de soledad,
e nais que non teñen fillos
e fillos que non ten país.
e tés corazóns que sufren
longas ausencias mortás,
viudas de vivos e mortos





que ningún conso

No poema **Pra a Habana!**, a nosa poeta, **Rosalía de Castro**, plasmou con especial sensibilidade o drama da emigración. Un drama non só persoal, senón tamén social e nacional. A emigración provoca desarraigamento, familias rotas e conduce tamén á desertización económica e á perda de horizonte de futuro dun país.

156 anos despois da publicación de **Cantares Gallegos** este drama dista moito de ser unha triste lembranza do noso pasado. Segundo datos do **Instituto Galego de Estadística**, nos últimos 10 anos (2008-2017-últimos datos dispoñíbeis-) emigración de Galiza 216.413 persoas con idades comprendidas entre os 16 e 54 anos, idades nas que se concentran a maior parte das persoas demandantes de emprego.

Neste período 79.529 persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos abandonaron o noso país. Mozos e mozas que ante a falta de perspectivas de realización persoal e laboral tiveron que coller a maleta para se gañar a vida fóra. Unha sangría para unha sociedade que criou e formou a unha xeración para o seu coñecemento e o seu traballo contribúa ao progreso doutras sociedades en vez de reverter no país.

A emigración mesmo está a poñer en perigo a propia viabilidade de Galiza. O impacto da emigración é vidente no noso devalo demográfico e no avellentamento da poboación.

A poboación activa de Galiza (persoas entre 16 e 65 anos que están traballando ou buscan emprego) representa menos da metade da poboación total.

Na época na que Rosalía escribiu **Pra a Habana!** a poboación de Galiza representaba o 11,5 % da poboación total do Estado español e a súa densidade de poboación duplicaba a media estatal. En 1900 a porcentaxe descenderá ao 10,64%. En 1950 situábase no 9,26% e en 2018 era só do 5,74%. É dicir, o peso relativo da poboación de Galiza no Estado español reduciuse á metade e en 2018 a nosa densidade de poboación situose por primeira por baixo da media.

Algúns xa denominan a esta realidade "a Galiza mingüante" e se non lle poñemos remediio a esta sangría poboacional, significará a morte a medio prazo de Galiza como ente colectivo.

A condición periférica e subordinada da nosa economía, a destrución de parte importante da nosa base produtiva, a precariedade no emprego e a ausencia de políticas ambiciosas de igualdade e fomento da conciliación están na base do devalo demográfico do país e o aumento da emigración.

Expón o Alcalde-Presidente a oportunidade da proposta por ser o Concello un territorio que historicamente ven padecendo a problemática da emigración

VOTACIÓN E ACORDO

O Pleno da Corporación por maioría co voto a favor dos grupos municipios do BNG e do PSdeG e o voto en contra do concelleiro D. Jesús Río Piornedo do PP ACORDA:

-Dirixirse ao Parlamento de Galiza para que tome en consideración a emigración como un drama social e nacional, conciba este problema como unha emerxencia nacional e outorgue prioridade ás políticas que ataquen as súas causas, instando á Xunta de Galiza a impulsar políticas que aseguren o dereito a un traballo digno na terra e creen as condicións para favorecer o retorno das nosas persoas emigradas.

- Instar ao Parlamento de Galiza a construír no seu seo unha ponencia sobre a emigración galega, co obxecto de que, no prazo máximo de cinco meses, drama que ao longo da historia e actualmente golpea ao Pobo Galego.

-Deben ser eixos destas políticas:

- A defensa da base produtiva do país e dunha economía autocentrada, que mobilice os enormes recursos do país para xerar emprego e riqueza en Galiza.

- A creación de emprego digno e de calidade.

- O desenvolvemento de políticas sociais que aseguren a igualdade e favorezan a conciliación da vida laboral e familiar.





- O compromiso dende o goberno municipal con políticas que promovan e lle dean forza aos sectores estratéxicos e ao tecido industrial de Galiza, nomeadamente o agrogandeiro, forestal, marítimo-pesqueiro, enerxético e das TIC.

7º.- MELLORA SINALIZACIÓN SERVIZOS SAÍDA 120 O PEREIRO A-52

Expón o Alcalde-Presidente as carencias que presenta a actual sinalización do enlace na A-52 coa A Mezquita e O Pereiro dándolle lectura a seguinte moción que pretende demandar do Ministerio de Fomento unha solución.

Antecedentes

A autovía A-52 constitúe unha vía fundamental que atravesa o noso Concello sendo a Porta de Entrada da Galicia e mantendo viva unha importante actividade económica no sector servizos, principalmente para os pobos de O Pereiro e Vilavella, Restaurantes, Hoteis, Estacións de Servizo, Área de autocaravanas ou Talleres. Con anterioridade foi a N-525 a vía na que estas actividades permitían dar un importante servizo aos viaxeiros usuarios desta rota e agora a A-52 precisa tamén para os servizos que poidan necesitar os viaxeiros usuarios da autovía, sinalizar correctamente os mesmos, informando na propia sinalización da A-52 ó seu paso polo noso Concello dos servizos existentes no Pereiro, así como xa figura indicada a conexión vía A Mezquita con Portugal.

A carencia desta sinalización específica de área de servizo de O Pereiro dificulta o coñecemento para os usuarios da autovía dos importantes servizos ofertados e discrimina negativamente estes establecementos fronte á divulgación existente doutras áreas existentes nas proximidades (A Gudiña, Vilavella, Pentas, Vendas da Barreira, etc...)

Así mesmo, na saída 114, Vilavella debería contar cunha indicación en tamaño máis pequeno que indicara O Pereiro para coñecemento dos viaxeiros.

VOTACIÓN E ACORDO, por unanimidade da Corporación municipal o Pleno ACORDA:

Solicitar do Ministerio de Fomento que proceda a completar a sinalización existente na saída 120 coa indicación nos correspondentes paneis da autovía da Área de Servizo de O Pereiro con restaurantes, hoteis, área de autocaravanas e taller.

Estas medidas contribuirán a mellorar a información aos usuarios da A-52 e incidirán de xeito positivo na dinamización económica da zona que conta con importantes establecementos de hostelería e xenera un número destacado de emprego e actividade económica.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon nesta sesión

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde-Presidente deu por rematada a sesión, sendo as vinte horas e dez minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

